

## **O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade convoca as Redes Municipalistas Solidarias en sete vilas do país**

**- Os técnicos e técnicas das Deputacións e Concellos adheridos avaliarán os proxectos internacionais e as actividades de sensibilización para 2010**

**- Ponteareas, Cabanas, Teo, Outes, Rodeiro, Lugo e Manzaneda acollerán as xuntanzas entre o 27 de abril e o 11 de maio**

**Baiona, 26 de abril de 2010.** Sete vilas galegas acollerán entre o 27 de abril e o 11 de maio outros tantos encontros das Redes Municipalistas Solidarias que coordina o Fondo Galego de Cooperación. Estas xuntanzas, integradas polos técnicos e técnicas que designan as Deputacións e Concellos membros do Fondo, cumpren cada semestre unha función informativa e de comunicación interna imprescindible para o bo funcionamento da entidade.

As Redes Municipalistas Solidarias que se celebrarán en Ponteareas, Cabanas, Teo, Outes, Rodeiro, Lugo e Manzaneda servirán para facer balance das iniciativas levadas a cabo nos últimos meses. Ao mesmo tempo, informarase do estado actual dos proxectos en andamento nos países do Sur e das actividades de sensibilización que os diversos socios poderán desenvolver nos próximos meses. Tamén se prestará especial atención á situación do Haití, rendendo conta da recadación atinxida e comprometida para a Conta de Emerxencia do Fondo Galego, explicando as alternativas de acción de post-emerxencia que se están a barallar.

Cómpre ter en conta que das técnicas e técnicos municipais depende en boa medida a implementación das actividades de sensibilización en materia de cooperación ao desenvolvemento promovidas polo Fondo Galego. Entre as accións previstas este ano atópase a visita a Galicia dos representantes do Centro de Promoción do Desenvolvemento e a Educación (CEPRODE) do Perú, a xira da contadora e contador de historias de A Tropa de Trapo, un programa mensual de radio a través de internet en colaboración coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) ou as VI Xornadas Anuais da Cooperación.

Abordarase asemade a edición actual do programa Vacacións con Traballo, grazas ao que traballadoras e traballadores da administración local galega, renunciando ao seu período de descanso, embárcanse en proxectos de cooperación ao desenvolvemento en países do Sur

onde o Fondo Galego está presente. Participantes en convocatorias anteriores exporán a súa experiencia nalgunhas das Redes Municipalistas Solidarias.

## **Filmes e exposicións**

Dentro das campañas de sensibilización que desenvolve o Fondo Galego, os Concellos asociados teñen á súa disposición un Videofondo con películas para empregar en actividades de divulgación e debate. Pódense solicitar asimismo as exposicións 'A Paz Cuestión de Fondo' e 'Obxectivos do Milenio', coas correspondentes unidades didácticas. Nas próximas semanas comezará a circular ademais a mostra fotográfica 'Nicaragua, unha realidade viva', composta por imaxes tomadas polo fotógrafo Eduardo J. Castro no marco dun proxecto de cooperación desenvolvido alí pola ONG Solidariedade Galega co cofinanciamento do Fondo. Antes de que remate o presente exercicio estará lista tamén a exposición 'Influir no global desde o local: as entidades locais galegas perante un mundo inxusto', que porá de relevo o papel dos Concellos e as Deputacións na cooperación internacional.

As primeiras Redes Municipalistas Solidarias de 2010 darán comezo o martes 27 de abril no Centro Multiusos de Ponteareas (Pontevedra), o mércores 28 terá lugar a xuntanza na Casa do Concello de Cabanas (A Coruña), mentres que o xoves 29 a cita será en Teo (A Coruña), no salón de actos de Calo, na antiga escola da Tomada. No mes de maio, o día 4 desenvolverase a Rede Municipalista Solidaria na Casa da Cultura de Outes (A Coruña), o mércores 5 vai ser no Centro Cultural 'Manuel Lamazares', de Rodeiro (Pontevedra), e o xoves 6 en Lugo, no Centro de Convivencia 'Uxío Novoneyra'. As convocatorias pecharanse na Casa do Concello de Manzaneda (Ourense) o 11 de maio. Todas as xuntanzas comezarán ás 11 horas.

## **Produtos de comercio xusto**

Como novidade, este ano suprimíuse a obrigatoriedade de circunscribirse a unha área determinada e dáselles liberdade aos técnicos e técnicas das entidades socias para escolleren a reunión á que máis lles conveña asistir. Deste xeito, dispoñen de meirande flexibilidade na súa axenda e ao tempo evítase que a división en zonas obrigue a desprazamentos a maior distancia da necesaria. Ao longo das sete reunións distribuiranse ademais produtos de comercio xusto entre as e os asistentes, con documentación explicativa sobre este movemento. Deste xeito agárdase contribuír a unha maior participación nos encontros e a intensificar a sensibilidade cos esforzos que desde o comercio xusto se fan en relación á promoción duns intercambios económicos equitativos entre o Sur e o Norte.

## **O Fondo Galego**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha rede que actualmente engloba a 96 Concellos e ás catro Deputacións de Galicia. Foi fundado en 1997 como un foro a través do que consensuar e concentrar os esforzos dos poderes locais galegos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Trátase deste modo de garantir unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos ambiciosos que teñan un verdadeiro impacto nos países do Sur e facilitar unha meirande sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional.

Desde a súa fundación, a asociación ten desenvolvido 125 proxectos en máis de 20 países, e organizado e editado multitude de actividades e materiais en relación aos desequilibrios existentes entre os países do Norte e do Sur. Ten garantido a presenza da solidariedade do pobo galego nas catástrofes que afectan a aqueles países do mundo con menor capacidade para as afrontar, con proxectos de reconstrución (como os casos de Sri Lanka, despois do maremoto de 2004, Cuba, despois dos furacáns de 2008 ou Gaza, despois dos bombardeamentos israelitas de finais de 2008 e primeiros de 2009). Na actualidade mantén aberta unha conta de emerxencia para a reconstrución do Haití.

### **SERVIZO DE COMUNICACIÓN**

**Carmen Novas 616 145 077**

**[comunicacion@fondogalego.org](mailto:comunicacion@fondogalego.org)**